

DOCUMENTO DE CESIÓN DE MATERIAL PARA COMPOSTAXE INDIVIDUAL

<i>Tipo de vivenda:</i> HABITUAL <input type="checkbox"/> FINS DE SEMANA <input type="checkbox"/> VACACIÓNS <input type="checkbox"/> VIVENDA UNIFAMILIAR <input type="checkbox"/> PRODUTOR SINGULAR <input type="checkbox"/> CENTRO ESCOLAR <input type="checkbox"/>	
ID VIVENDA (a cumprir polo Concello)	

DATOS DO/A SOLICITANTE	
Apelidos e Nome:	DNI:
Teléfono:	Correo-e:
ENDEREZO	
	Parroquia:
REFERENCIA CATASTRAL:	

DATOS DO REPRESENTANTE (RECOLLE O COIN EN NOME DO SOLICITANTE)	
Apelidos e Nome:	DNI:
Teléfono:	Correo-e:
ENDEREZO	
	Parroquia:

MATERIAIS OBXECTO DE CESIÓN		
<input type="checkbox"/> Composteiro individual (COIN)	<input type="checkbox"/> Aireador	<input type="checkbox"/> Termómetro

O solicitante declara: 1. Que recibe os materiais obxecto de cesión en perfectas condicións de uso. 2. Que coñece o contido do documento que se acompaña, asinado pola alcaldía, e se compromete a asumir o disposto no mesmo.
--

<u>POLÍTICA DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL</u> Conforme a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos facilitados serán empregados exclusivamente para o efectivo control e xestión do material subministrado polo concello. Os seus datos poderán ser cedidos ás entidades que colaboren co Concello no novo sistema de xestión do lixo. Por último, infórmase de que vostede ten dereito a obter unha confirmación sobre se o concello está tratando os seus datos persoais e, por tanto, exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade a través da sede electrónica do concello de XXXX .

En....., a.....de.....do 202..

O responsable da entrega

O/A solicitante

CONDICIÓN DA CESIÓN DE COMPOSTEIRO INDIVIDUAL (COIN) E MATERIAL COMPLEMENTARIO

I. OBXECTO DA CESIÓN. DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES

O concello de XXXXX cede ás persoas usuarias en réxime de usufruto e a título gratuito, un composteiro individual (en adiante COIN) e material auxiliar (termómetro, aireador).

A) OBRIGAS DOS USUARIOS

Primeira.- A persoa solicitante comprométese a facer un uso responsable do COIN e das ferramentas complementarias e a destinalos única e exclusivamente a súa finalidade de tratamento dos seus residuos orgánicos.

Segunda.- Acepta calquera labor de supervisión destinada a comprobación do emprego dos materiais proporcionados, que será levada a cabo polos responsables designados polo Concello. Poderá consistir en visitas aos lugares onde se sitúen os COIN, a aportación de datos relevantes para constatar o uso adecuado dos materiais e información con fins estatísticos e de control do nivel de residuos xerados e tratados no concello.

Terceira.- O/A beneficiario/a entregará o COIN unha vez finalizada a cesión ben polo remate do prazo da cesión ou ben polo acaecemento dalgunha das condicións extintivas.

Cuarta.- O/A beneficiario/a non cederá a terceiros en ningún caso e por ningún título nin de forma onerosa nin gratuíta os materiais subministrados polo concello.

B) OBRIGAS DO CONCELLO

O concello comprométese a entregar o material descrito en perfectas condicións de uso e asume as tarefas de asesoramento e subministración de toda información necesaria para o correcto funcionamento e adecuado rendemento dos materiais cedidos. En casos de deterioro ou danos ocasionados por motivos alleos ás persoas usuarias, o concello repoñerá os materiais danados, tras as oportunas comprobacións e sempre que haxa reservas.

C) DURACIÓN DA CESIÓN E CAUSAS DE EXTINCIÓN

A duración da cesión en réxime de usufruto do material será de doce (12) anos coincidente coa vida útil estimada dos materiais proporcionados polo concello. Rematado este período, de ser o caso, poderá ser prorrogada a cesión.

A cesión dos materiais de compostaxe extinguirase de xeito automático nos seguintes supostos:

1. Polo remate do prazo (12 anos).
2. Uso do COINEX e materiais auxiliares para fins distintos aos autorizados polo concello.
3. A cesión a terceiros do material a título gratuito ou oneroso.
4. A devolución voluntaria do material efectuada polo usufrutuário con anterioridade ao vencemento do prazo de duración da cesión.

Do mesmo xeito, o concello poderá acordar a revogación da cesión cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

1. Uso inadecuado dos materiais con reiteración tras as advertencias do persoal responsable do control.
2. Abandono dos materiais e desleixo.
3. A non colaboración na subministración de información que o concello solicite e estime necesaria para as tarefas de control e de rexistro.
4. Calquera outra circunstancia que de forma motivada o concello estime que supón un incumprimento do presente acordo.